



# Premios Galicia de Innovación e Deseño 2020

#premiosGalicialD



## BASES DOS PREMIOS GALICIA DE INNOVACIÓN E DESEÑO EDICIÓN 2020

A Xunta de Galicia, a través da **Axencia Galega de Innovación (Gain)**, convoca a primeira edición dos Premios Galicia de Innovación e Deseño para recoñecer o labor das persoas e empresas que están a contribuír significativamente ao desenvolvemento económico e social en Galicia a través da innovación e o deseño. Con estes galardóns **búscase** destacar as mellores prácticas para que sirvan de exemplo a todo o tecido empresarial galego, poñendo de relevo como a innovación e o deseño cumpren un papel esencial para mellorar a competitividade das empresas e, en definitiva, a calidade de vida das persoas.

### CATEGORÍAS

#### Sección innovación

A sección específica destes galardóns que recoñecerá as persoas e empresas coas traxectorias e prácticas de innovación máis destacadas conta con tres categorías:

- **Traxectoria innovadora: 15.000 €**  
Empresarios e profesionais cunha traxectoria de alomenos dez anos na que a innovación fose unha das súas características relevantes.
- **Pequena e mediana empresa: 15.000 €**  
Pemes con demostrada actividade innovadora durante alomenos os últimos cinco anos.
- **Gran empresa: premio honorífico**  
Grandes empresas cunha actividade innovadora ao longo de, como mínimo, a última década.

#### Sección deseño

A sección específica destes galardóns que recoñecerá as persoas e empresas que mellor representen a contribución do deseño galego á innovación conta con tres categorías:

- **Profesionais: 15.000 €**  
Profesionais do deseño (persoas físicas ou equipos de profesionais) cunha traxectoria de alomenos dez anos de recoñecido prestixio no sector.
- **Deseñadores/as mozos/as: 15.000 €**  
Creadores de ata 35 anos de idade cunha traxectoria profesional inferior a dez anos.
- **Empresas: premio honorífico**  
Empresas consolidadas que incorporasen o deseño a súa estratexia empresarial ao longo de, como mínimo, a última década.

## PRAZO

O prazo de presentación de candidaturas permanecerá aberto ata o **9 de decembro de 2020**.

## REQUISITOS

Poderán ser candidatas as **persoas físicas e as persoas xurídicas que teñan polo menos un establecemento permanente en Galicia**, validamente constituído e que manteña a súa actividade.

As candidaturas da categoría «Traxectoria innovadora» da sección de innovación do certame, así como as das categorías «Profesionais» e «Deseñadores/as mozos/as» da sección de deseño, deberán contar, como mínimo, con **dous avais de persoas de recoñecido prestixio** nos ámbitos da innovación e do deseño, respectivamente.

Un mesmo candidato **podrá propoñerse para unha ou varias categorías dos premios**, para o que é imprescindible enviar unha proposta de solicitude diferente e completa, con toda a documentación requirida, para cada categoría presentada.

## PROCESO DE PRESENTACIÓN E DOCUMENTACIÓN

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na [sede electrónica da Xunta de Galicia](#).

## XURADO

A avaliación das candidaturas levarase a cabo por dous xurados, un para os galardóns correspondentes á sección de innovación e outro para os da sección de deseño.

Cada un deles estará integrado por un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e un máximo de cinco vogais. Estes últimos serán **profesionais de recoñecido prestixio nos eidos da innovación e do deseño**.

## DETALLE DAS BASES E DO PROCEDIMENTO

As bases reguladoras completas e os detalles do procedemento e da documentación a presentar poden consultarse no [anuncio publicado no DOG do 8 de outubro de 2020](#).

## CONTACTO

Área de Centros da Axencia Galega de Innovación

[centros.gain@xunta.gal](mailto:centros.gain@xunta.gal)

+ 34 881 999 120